



Como dar de alta a persona empregada no teu fogar

Que necesito para tramitar a alta na Seguridade Social da persoa que vai traballar no meu fogar?

Antes de dar de alta a persoa que vai traballar no teu fogar, acorda con ela as condicións laborais, a xornada e o salario.

Para realizar o trámite necesitarás:

- Os datos da persoa que vas contratar, DNI/NIE.
- O número de conta do empregador para domiciliar as cotas (IBAN).
- Elixir unha entidade aseguradora.

Existen beneficios na cota se tes a condición de familia numerosa ou se cumpres outros requisitos específicos.

Lembra que, se a persoa empregada é extracomunitaria, **necesita permiso de traballo**.

Ademais...

Escanea o QR para simular a túa cota e para saber canto terás que pagar. O importe definitivo pode variar segundo a túa situación ao completar o trámite.



Tes algunha dúbida máis?

Accede á "Guía práctica del empleo en el hogar".



Como tramito a alta na Seguridade Social?

1

Descarga a aplicación Importass Seguridade Social en [Google Play Store](#) ou na [App Store](#).

2

Accede á aplicación e identifícate mediante:



CI@ve permanente



CI@ve móvil



Vía SMS



Certificado dixital

3

Pulsa sobre a sección "Servicios".

4

Selecciona "Altas, bajas y modificaciones", pulsa en "Afiliación y alta de trabajadores" e, por último, en "Alta en empleo de hogar".



5

Completa a alta en 9 pasos.




Coñece a túa área persoal en Importass, desde onde podes...

- Descargar o documento que acredita o teu número da Seguridade Social.
- Actualizar os teus datos persoais, de contacto e domicilio.
- Consultar e descargar o teu informe de vida laboral e de bases de cotización.
- Acceder a “Documentos” para visualizar os teus informes e resolucións.
- Actualizar o salario e a xornada de traballo.
- Dar de baixa a persoa cando finalice a súa actividade no teu fogar.



Accede á aplicación Importass Seguridade Social e terás un espazo...

- De navegación sinxela desde calquera dispositivo.
- Con linguaxe clara para que atopes o que necesites en cada momento.
- Adaptado a ti, con información personalizada.
- Desde onde podes descargar os teus informes, realizar trámites en liña de forma sinxela e consultar información.



Descarga a aplicación. Realiza trámites e consulta información a través do teu móbil.



Accede a Importass, o portal da Tesourería, a través de portal.seg-social.gob.es ou escanea o seguinte QR:



Síguenos en X
Información TGSS
@info_TGSS